


HTCO



MÁSTER EN VALORACIÓN,  
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN  
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL  
SESIÓN ORDINARIA DO 2 DE XUÑO DE 2016**

**A C T A**

Ás 16:30 horas do día indicado, reúnense na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

**Asistentes (5):**

Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arizaga Castro, Belén Riveiro Rodríguez, Mercedes Solla Carracelas e M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz.

**Desculpan a súa ausencia (2):**

Natalia Caparrini Marín, Cristina Montojo Santos.

**Asiste con voz pero sen voto (1):**


Susana Reboreda Morillo

**ORDE DO DÍA:**

**1.- Informe da presidenta.**

A coordinadora informa á CAM de que se está realizando o pago ao profesorado o máster. Queda pendente a resposta á reclamación sobre o pago ao profesor Borja Conde que era externo cando se fixo o POD pero na actualidade obtivo unha praza de asociado, condición que impide que reciba o pago pola docencia impartida no mestrado.

A web do mestrado está en período de probas polo que a coordinadora pide ao profesorado que a revise e lle comunique os posibles problemas, para intentar abrila a semana do 6 ao 10 de xuño na que comenza o período de matrícula.



Na última semana de maio celebrouse unha reunión de postgrao na que se trataron os seguintes temas:

- Cambios na normativa de TFM que finalmente queda similar á de TFG, polo que o próximo curso terá que haber un titor de UVigo para que poida entrar na Secretaría Virtual e solicitar a defensa do traballo. Así mesmo o alumnado deberá ter aprobadas todas as materias para defender o TFG.
- Cambios na proposta de matrícula: suprímense as dúas prazas de formación continua e establécense tres períodos de matrícula: xuño, setembro e un último período de graza.

Por último, a coordinadora informa de que na convocatoria de bolsas de desprazamento do mestrado ofertábanse catro bolsas e presentáronse tres estudantes. O xefe da sección de bolsas comunicou á coordinadora que outros dous intentaron subir a documentación e por problemas técnicos non puideron. Para admitirilles a solicitude o servizo necesita que reclamen, polo que coordinadora pide aos membros da CAM que intentemos localizalos e indicarlles que deben reclamar.

## **2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión do 18/05/2016.**

Apróbbase por asentemento a acta da sesión do 18/05/2016.


## **3. Aprobación, se procede, de alegacións ao Informe provisional de seguimento interno do curso 2014/2015.**

Apróbbase por asentemento aceptar a valoración do Informe sen facer alegacións e solucionar os problemas que este sinalaba, a saber:

- Erros lingüísticos nas guías docentes con textos que mesturan galego e castelán.
- Problemas de programación en DocNet coa avaliación.
- Completar a información sobre o profesorado na web.
- Aumentar a participación nas enquisas de satisfacción. Solucionouse xa neste curso alcanzando unha porcentaxe de aproximadamente o 48% ou o 49%.
- 

## **4.- Aprobación, se procede, do procedemento de calidade.**

Apróbbase por asentemento o *Procedemento sobre criterios de selección de alumnado*



*no mestrado* solicitado pola decana da Facultade de Historia (ANEXO 1).

#### **5.- Aprobación, se procede, do calendario académico do mestrado do curso 2016/2017.**

Unha vez acordada a modificación do calendario das materias do módulo 2 que pasan a impartirse ao longo de todo o primeiro cuadrimestre, a CAM aproba por asentemento o calendario académico do mestrado para o curso 2016/2017 (ANEXO 2).

#### **6.- Aprobación, se procede, dos datos de matrícula para o curso 2016/2017.**

Apróbanse por asentemento, os seguintes datos de matrícula para o curso 2016/2017:

No curso 2016/2017 ofértanse 20 prazas e un único módulo optativo (*Valoración e difusión do Patrimonio Cultural*).

O alumnado que queira matricularse na modalidade de tempo parcial debe facelo de 30 créditos no primeiro cuadrimestre (módulos 1 e 2), aos que pode sumar 18 créditos máis do segundo cuadrimestre (módulo optativo). Deste xeito quedaríanlles pendentes unicamente a materia Prácticas e o TFM.

#### **7.- Aprobación, se procede, do cambio de datas entre os tribunais TFM 1 e 2 da convocatoria de xullo 2016.**

A coordinadora solicita un cambio de tribunal de TFM por coincidirlle con outro tribunal no mestrado en *Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade* en Santiago de Compostela.

Apróbanse por asentemento as seguintes modificacións nos tribunais de xullo 2016 (ANEXO 3):

- Tribunal 1 (20/07/2016): Beatriz Vaquero Díaz
- Tribunal 2 (21/07/2016): Beatriz Comendador Rey

#### **8.- Rolda de intervencións**

O profesor Álvaro Arizaga solicita que se reenvíen a composición e novas datas dos tribunais de TFM.

## Addenda

### 9.- Aprobación, se procede, de solicitudes de Trabajos Fin de Máster curso 2015/2016.

Apróbanse por asentemento as seguintes solicitudes de defensa de TFM:

Guillermo Fontoira Marzín: *Orígenes de la Iglesia de Santa María de Adina.*

Titora: M<sup>a</sup> Mercedes Solla Carracela

Cristina Gabín Calaza: *Técnicas Cartográficas Aplicadas a la Obra de Antonio Palacios en Vigo y O Porriño.*

Titor: Joaquín Martínez. Cotutor: Borja Conde.

Helene Fontoira Marzín: *The Hispanic Society of America: patologías, propuesta de intervención y mantenimiento del edificio norte.*

Titor: Alvaro Arizaga Castro. Co-tutora: Cristina Montojo Santos.

Ana Sampedro Rivas: *Proyecto Expositivo "Dentro del Arte".*

Titor: Roberto Vázquez Rozas


Ourense, a 2 de xuño de 2016

A Coordinadora



Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria



Asdo. M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz

DILIXENCIA Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 11/07/2016.

A Secretaria,



M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz

ANEXO 1: Procedemento de calidade sobre criterios de selección de alumnado.



**Procedemento seleccí  
on alumnado MHT**

ANEXO 2: Calendario académico 2016/2017.



**Cronograma  
2016-17.pdf**



**Calendario general  
master 2016-17.pdf**

ANEXO 3: Tribunais TFM xullo 2016.



**Tribunais TFM xullo  
15-16.pdf**